

# MISA CON NENOS

## 15 de xaneiro 2017

### ORDINARIO 2º-A



**Xoán 1, 29-34: “Xoán deu testemuño del: este é o Año de Deus ...”.**  
**Mensaxe: Xoán sinala a Xesús... Sé ti tamén a súa TESTEMUÑA!**

## 1. ACOLLIDA

Irmáns e irmás:

Aínda queda, no noso recordo, o Bautismo de Xesús no Xordán. Aquel Neno que, sendo mozo, iniciou a súa misión como Fillo de Deus ao ser bautizado por Xoán Bautista.

Hoxe de novo, Xoán, sinala a Xesús como aquel que nos vai a mostrar o camiño cara a Deus. Xesús é a Luz, o que quita o pecado do mundo.

Nós queremos ser as súas testemuñas nesta época da historia, falando del, dándolle a coñecer aos demais.

*(Pódense facer carteis en forma de frecha que os leven nenos na procesión de entrada con estes ou parecidos textos: “ESTE É ...”, o Año de Deus, o que quita o pecado do mundo, o que sanda a humanidade, o que camiña diante, o que dá a vida ...).*

**No nome do Pai... O Señor Xesús, que é o Fillo de Deus feito home e que quita o pecado do mundo, sexa con todos vós.**

## 2. PERDÓN

*Recoñecendo que Xesús é o enviado de Deus, o Ano que se ofrece por nós e que quita o pecado do mundo, recoñecemosos pecadores.*

- *Ti, que es o Deus da festa, da luz, da salvación. Señor, ten piedade.*
- *Ti, que nos coidas dándonos todo o que necesitamos para a vida. Cristo, ten piedade.*
- *Ti, que nos fas testemuñas da túa entrega e amizade. Señor, ten piedade.*

*Deus todopoderoso teña misericordia de nós, perdoe os nosos pecados e concédanos vivir sempre en xustiza e en paz cos irmáns e con el, sendo as súas testemuñas ata a vida eterna. Amén.*

## 3. PALABRA DE DEUS

As lecturas de hoxe poñen no centro a Xesús. Para Isaías el é o Servo, o que é a luz das nacións. Segundo san Paulo, tráenos paz e graza. No Evanxeo, unha vez máis Xoán Bautista, fainos unha fermosa presentación de quen é Xesús de Nazaré e da súa misión. escoitemos con atención.

## 4. PETICIÓNS:

*Como comunidade reunida, expresemos as nosas necesidades a Deus, noso Pai.*

**–Fainos as túas testemuñas, Señor. / – Año de Deus, ten piedade de nós.**

1. Somos Igrexa. Para que nunca nos cansemos de presentar a Xesús como a salvación e o futuro da humanidade.

**Oremos.**

2. Somos bautizados. Para que non esquezamos que, se somos bautizados, tense que notar nas nosas palabras e obras. **Oremos.**

3. Somos altofalantes de Deus. Para que nada nin ninguén apague a nosa voz. Para que sexamos valentes á hora de defender a nosa fe cristiá.

**Oremos.**

4. Somos sinais que as persoas ven. Para que coa nosa forma de ser, os que nos rodean, poidan chegar a Xesús e vivir mellor a súa fe. **Oremos.**



5. Somos bondadosos. Para que nunca esquezamos ofrecer algo aos que máis o necesitan. Que, ademais, non esquezamos de facer o ben nas nosas familias e amigos. **Oremos.**

## 5. OFRENDAS

**UN AÑO:** Xesús, ti es o Año de Deus que quitas o pecado do mundo. Grazas por vir a sandar a humanidade, por dar a vida por nós.

- **UN ALTOFALANTE OU MEGÁFONO:** Xoán Bautista sinala a Xesús para que o sigan, se vaian con el, o coñezan e o amen. Que tamén nós, sexamos as túas testemuñas para que coas nosas palabras e obras levemos a outros cara a ti.
- **PAN E VIÑO:** Finalmente co pan e o viño, pedímosche que nos fortalezas en cada eucaristía. Estamos débiles. Caémonos frecuentemente. Levántanos cando nos afastemos de ti.

## 6. VÍDEOS OU PWP PARA ESTE DOMINGO: Ord-2ªA

- Testemuño de Xoán, película: <https://www.youtube.com/watch?v=rDV2jAYPCcM&t=62s>
- Testemuño de Xoán, debuxos: <https://www.youtube.com/watch?v=JbDdnimOPB8&list=UUQL-txRIGWd2bOyA9B5KNdg>
- Apúntaste ao camiño?, reflexión: [https://www.youtube.com/watch?v=YIWKrA0IX\\_8](https://www.youtube.com/watch?v=YIWKrA0IX_8)
- Canta e camiña, canto: <http://www.youtube.com/watch?v=s1oMliuN-Cw&list=UUQL-txRIGWd2bOyA9B5KNdg>
- Xesús, quen es ti?, canto: <http://www.youtube.com/watch?v=MG3SVXG2L6k>

